

Reclamante: [REDACTED]  
Expediente RSCTG 0103/2017

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED], mediante escrito do 6 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.** [REDACTED] en nome e representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 6 de novembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do GAC3 (O informe da entidade o denomina GALP, polo que usárase a denominación que cada documento lle da a estes grupos de acción local do sector pesqueiro) en relación a o uso dos fondos públicos percibidos.

O interesado indicaba que se solicitara información ao GAC3 en relación ao proxecto social no solar ARC1 da Insua (PXOM da Laracha) do que solicitamos información pública.

O escrito viña acompañado de copia dun escrito dirixido ao GAC3 o 25 de marzo de 2017, segundo a sinatura dixital que figura nel.

**Segundo.** Con data 10 de novembro de 2017 se realiza unha emenda da solicitude toda vez que detectáronse tres cuestións:

A solicitude de acceso á información que remite é a mesma que a que deu lugar ao expediente RSCTG 43/2017.

A paralización de obras, ou investigacións de calquera tipo exceden das funcións previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

A personalidade xurídica do grupo da lugar a que se teña que constatar se se trata de anuncios realizados con cargo a fondos públicos ou pola contra entra dentro da actividade privada da entidade, que non forma parte do sector público.

**Terceiro.** Con data 13 de novembro de 2017 recíbese unha resposta da plataforma na que indica que a petición se refire á existencia dun convenio, contrato, acta ou informe entre o GAC3 e o Concello da Laracha e que se trata por tanto de fondos públicos, pero non achegou documentación.

**Cuarto.** Con data 17 de novembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao GAC3 para que achegase informe sobre a documentación.

A recepción da solicitude polo GAC3 foi o 22 de novembro de 2017.

**Terceiro.** Con data 11 de decembro de 2017 se recibiu o informe do GAC3.

O informe, en resumo, indicou que o GALP Costa da Morte é unha asociación sen ánimo de lucro de carácter privado, os socios da asociación se agrupan por sectores, estando representados o sector do mar, sector social, económico e sector público local, sen que ningún ostente unha porcentaxe igual ou superior ao 50% dos dereitos de votos nos órganos de decisión da entidade. O GALP non ten asinado ningún convenio, contrato, informe con ningún dos concellos do seu ámbito territorial, incluído o Concello da Laracha.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### **Cuarto. Análise do expediente**

O artigo 116 e) da Lei 39/2015, do 1 de outubro establece que é causa de inadmisión por falta de competencia. Neste caso o reclamante entende que o GALP Costa da Morte ten un convenio, contrato, informe o acta co Concello da Laracha e que en base a este xestiona fondos públicos, que pediu tal información e que non se lle facilitou, a solicitude que enviou se relaciona co expediente RSCTG 43/2017, xa resolto por esta Comisión da Transparencia.

Cando se lle remite a documentación ao GALP, pola insistencia do reclamante queda claro que a petición se dirixe unha asociación sen ánimo de lucro, que non ten asinado ningún documento co Concello da Laracha para os fins indicados polo reclamante, e que en ningún caso forma parte do sector público no ámbito da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

O ámbito subxectivo de aplicación da Lei da Transparencia 1/2016, do 18 de xaneiro, implica que esta será aplicable a calquera entidade privada que reciba ou xestione fondos públicos ou cuxa actividade teña interese público ou repercusión social nos termos previstos. Agora ben, a obriga de subministrar a información non é a calquera persoa que o demande se non a Administración, organismo ou entidade das previstas no artigo 3.1 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento. (artigos 3 e 4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

Por tanto, se o reclamante quería esta información debeuse dirixir á Consellería do Mar para solicitarlle esa información, o que non se da neste caso.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

### **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Único:** Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data 6 de novembro de 2017 por falta de competencia da Comisión da Transparencia.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga